

SUBVENCIONS A CONTRATACION INDEFINIDA DE TRABALLADORES 2023

2023-02-02

Publicáronse no DOGA as subvencións do ano 2023 pola contratación indefinida inicial ou polos incrementos de xornada de contratacións indefinidas iniciais, que se realicen dende o 01 de outubro de 2022 ata o 29 de setembro de 2023. Os colectivos incentivados son persoas desempregadas que sexan mozos menores de 30 anos, parados de longa duración, mulleres, persoas de 55 anos ou mais, emigrantes retornados ou persoas extranxeiras e discapacitados ou en risco de exclusión social. As contratacións deberán ser a xornada completa podendo ser a xornada parcial no caso de discapacitados ou en risco de exclusión social. Os requisitos a cumprir son manter a persoa contratada durante 24 meses, podendo ser substituídos no caso de ser baixa por outros das mesmas características. A responsable laboral da súa empresa porase en contacto con vostedes para informarlle si algún traballador contratado actualmente cumpre os requisitos a día de hoxe para poder acollerse a subvención, e para que tomen a decisión. Asimesmo aqueles que queiran contratar xa inicialmente a traballadores destes colectivos, se están interesados deben de contactar con nós para faguerlo saber. As subvencións poden ir dende 2.000 euros a 16.000 euros segundo as características e circunstancias, e tamén lle informaremos do custe da solicitude e tramitación da mesma.

Informámoslos que estas subvencións concedense ata que se agota o orzamento asignado, e nos iremos tramitando na medida que temos a súa confirmación e que recabemos toda a documentación, non podendo garantir si vai chegar o orzamento.